

Información complementaria

Relatorios 15/04/10

Sesión da mañá



Traballar coa biblioteca escolar, traballar na biblioteca escolar: integrando a biblioteca no currículo. Salón de actos

INMACULADA VELLOSILO é profesora da Facultade de Ciencias da Documentación da Universidade Complutense de Madrid. Investigadora nos ámbitos de bibliotecas escolares, bibliotecas públicas e lectura, así como en Alfabetización Informacional, educación en valores e educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

O obxectivo da sesión consiste en reflexionar en torno á biblioteca escolar como ferramenta de traballo para o profesorado e o alumnado, a partir dun tratamento do currículo abordado con recursos de información variados (situados na biblioteca do centro) e cunha metodoloxía baseada na consulta de fontes documentais, a valoración da información localizada e a utilización desa información para consolidar a aprendizaxe.

Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación. Salón de actos

CRISTINA NOVOA e **PILAR SAMPEDRO** son asesoras de bibliotecas escolares da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

<http://bega-horadeler.blogspot.com/>

<http://lerenmancomun.blogspot.com/>

<http://librosaeito.blogspot.com/>

<http://redelectura.blogspot.com/>

Modelo de biblioteca escolar e a súa repercusión nos centros. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.

PROXECTO MEIGA. Posibilidades pedagóxicas. Salón de actos

CÉSAR IGLESIAS é funcionario da Consellería de Cultura e Deporte e responsable do Proxecto Meiga, o programa desta consellería para a informatización das bibliotecas, tanto públicas como escolares. Desenvolve labores de programación e desenvolvemento deste programa; tamén colabora na formación dos usuarios de Meiga, no sector das bibliotecas públicas e no ámbito educativo.

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>

O Proxecto Meiga, máis aló dunha aplicación que facilita o tratamento informático da colección das bibliotecas, garda múltiples posibilidades de traballo cooperativo e de aproveitamento pedagóxico.

Información complementaria

Relatorios 15/04/10

Sesión da tarde



“Cuando el lector era joven todavía”. Salón de actos

JUAN MATA é profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Granada e doctor en Didáctica da Lingua e a Literatura. Entre outros libros ten publicado *Como mirar a la luna (confesiones a una maestra sobre la formación del lector)* e *El rastro de la voz y otras celebraciones de la lectura*. O seu traballo de divulgación de libros e literatura ten merecido distincións coma o Premio Feria del Libro de Granada 1998, o Premio Andaluz de Fomento de la Lectura 2002 e o Premio Telémaco 2009 polo seu último libro, *10 Ideas Clave sobre Animación a la lectura*. É coautor da exposición itinerante *Amar leer* e sostén o blog «Discreto lector».

“Con frecuencia esquecemos que, en boa medida, somos o que fomos na nosa infancia e na nosa adolescencia. Gran parte da nosa identidade xerouse en anos que, probablemente, xa esquecemos.

Se analizamos as biografías dos lectores dámonos conta de que a súa afección é o resultado dunha sucesión de xestos, palabras, experiencias, expectativas, emocións, libros, conversacións, descubrimentos, azares, decisións... que empurrou a cada un deles a incluír a lectura nos ciclos das súas vidas. Reflexionar sobre eses impulsos e esas combinacións, que probablemente se produciron moi cedo, permitiríanos comprender que circunstancias favorecen o achegamento aos libros e cales as dificultan.

É ese afán de entendemento o que lle dá sentido ás investigacións sobre o pracer, a animación, a pedagogía, o xogo, a mediación, os afectos, as bibliotecas... “

“Do uniforme ao “prêt a porter”, ou como seleccionar un fondo con mil usos para a biblioteca escolar. Salón de actos

VILLAR ARELLANO é licenciada en Ciencias da Educación e traballa no ámbito das bibliotecas públicas, primeiro no Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez en Salamanca (dentro da área de promoción da lectura) e actualmente na Biblioteca Cívica. É autora do libro *Biblioteca y aprendizaje autónomo*, publicado polo Goberno de Navarra

O símil da moda téxtil é o punto de partida desta comunicación na que se mostra a importancia de crear unha colección práctica pero con personalidade, axustada ás necesidades específicas de cada centro. A biblioteca escolar debe contemplar todos os posibles usos que poden ter os seus materiais; unha ampla diversidade de funcións na que hai que considerar aspectos científicos e divulgativos xunto a estímulos artísticos ou unha dimensión máis lúdica da lectura.

A colección da biblioteca debe ser cuestionada e revisada, incorporando novos documentos, retirando títulos inadecuados e valorando as obras que interese destacar en cada momento.

Seleccionar, adecuándose ao orzamento, é unha singular arte que require manter permanentemente un “fondo de armario” básico, axustado ao carácter persoal de cada centro e enriquecido co brillo ocasional dalgunha peza de singular lectura, complemento imprescindible en toda colección.

Información complementaria

Relatorios 16/04/10

Sesión da mañá



Bibliotecas escolares e alfabetización na escola do século XXI. Salón de actos

MANUEL AREA é catedrático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Laguna, Presidente da Red Universitaria de Tecnología Educativa, Director do Laboratorio de Educación y Nuevas Tecnoloxías. Ten publicadas as seguintes obras: *Alfabetizacións y Tecnoloxías de la Información y Comunicación*, *De la Biblioteca Universitaria a los CRAI*, *La educación en el laberinto tecnológico*, *De la escritura a las máquinas digitales* e *Los medios y las tecnologías en la educación*.

Nesta conferencia abórdase a necesidade de redefinir a alfabetización ante a complexidade da cultura do século XXI. Proponse o termo de multialfabetización como concepto global e integrador de distintas alfabetizacións (audiovisual, dixital, informacional) identificándose as distintas competencias e habilidades implicadas no devandito proceso: instrumentais, cognitivas, sociocomunicacionais e axiolóxicas. Así mesmo, proponse que as bibliotecas escolares se convertan en "centros de recursos para a aprendizaxe" e que actúen como instancias dinamizadoras e de apoio ao profesorado no desenvolvemento de proxectos innovadores relacionados co desenvolvemento da competencia "tratamento da información e competencia dixital" e a lectura.

Da información ao coñecemento. Experiencias ALFIN en Secundaria. Salón de actos

PUERTO MENÉNDEZ é profesora de Matemáticas no IES Número 1 de Avilés. Na súa traxectoria como docente impartiu tamén clases de Informática e de Tecnoloxía da Información. É coordinadora dende hai doce anos da Biblioteca Escolar do seu centro que conta con premios nos certames *Si eres original*, *eres de libro* e no Concurso Nacional de Ideas para la Mejora e Innovación de las Bibliotecas Escolares.

A escola, como axente educativo, debe instruír aos alumnos/as para que se convertan en consumidores de información lúcidos. Para todo iso necesítase un ámbito educativo diferente, que sexa capaz de habilitar aos/ás estudantes no dominio de certas competencias instrumentais e actitudinais en relación coa busca, acceso, selección e avaliación da información, así como o seu tratamento ou aplicación. Estas competencias agrupadas baixo o termo xeral de competencia informacional (ALFIN) inclúe aspectos relacionados coa capacidade de "aprender a aprender", o que nesta sociedade actual (unha sociedade en permanente cambio) supón aprender ao longo de toda a vida para ser máis adaptativos e capaces na resolución de problemas e toma de decisións. Así mesmo aprender a traballar en equipo é outra habilidade que adquire relevancia.

Presentación do Centro virtual LEER.ES . Salón de actos

CARMEN CAMPOS é profesora de inglés e comunicación audiovisual en secundaria e actualmente traballa como Consejera Técnica no Gabinete de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, formando parte do equipo responsable do programa **LEER.ES** no Ministerio de Educación.

Este centro virtual ofrece recursos para o conxunto da sociedade e conta xa co apoio de todas as CCAA e de institucións como a Real Academia, o Instituto Cervantes e diversas Fundacións: <http://leer.es/>

Información complementaria

Relatorios 16/04/10
Sesión da tarde



ENCONTROS POR ZONAS. Ámbitos de colaboración. Proxectos de lectura para a aprendizaxe. Proxectos lectores. Proxectos interdisciplinares.

Salón de actos	Responsables PLAMBE zona Pontevedra	Coord. Consuelo Rivera
Biblioteca	Responsables PLAMBE zona Vigo	Coord. Manuel Huerta
Aula 8	Responsables PLAMBE zona A Coruña	Coord. Javier Pintor
Aula 7	Responsables PLAMBE zona Santiago	Coord. Leonor Mazaira
Aula 1	Responsables PLAMBE zona Ferrol	Coord. Ánxela Loureiro
Presalón	Responsables PLAMBE zona Ourense	Coord. Guillermo Rodríguez
Aula ..	Responsables PLAMBE zona Lugo	Coord. Teresa González

A Lectura, aprendizaxe e acceso á información: a función das bibliotecas escolares na formación de novos lectores. **Salón de actos**

ROSER LOZANO foi directora da Biblioteca Pública de Tarragona e, actualmente é profesora e vixerente da Universitat Rovira i Virgili onde coordina o *Centro de recursos para el Aprendizaje y la Investigación CRAI*. É autora do libro *la biblioteca pública del siglo XXI: atendiendo clientes, movilizandoo persoas*.

A función da biblioteca escolar é fundamental no proceso de aprendizaxe da persoa e para a formación de novos lectores. O bibliotecario-docente é o axente que pon en contacto ao estudante e a comunidade educativa en xeral, cos libros e os materiais informativos. O seu rol é moi importante para a adquisición de bos hábitos lectores e competencias informacionais en nenos e adolescentes pois trátase de hábitos e competencias que os acompañarán ao longo da súa vida.

Este relatorio reflexionará sobre o perfil do bibliotecario-docente no desenvolvemento desta función así como a necesidade de establecer vínculos e colaboracións con outros axentes culturais e educativos da comunidade para lograr o éxito.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Centros e Recursos Humanos

